

PROXECTO RADARES

XUSTIFICACION

A información é un dos factores que máis inflúe nos niveis de autonomía e capacidade de decisión de calquera persoa, pero adquire unha relevancia especial cando se trata de mozos/as, xa que atravesan unha etapa da vida na que se toman as decisións que máis afectan ó futuro individual de cada persoa.

Trátase de espazos específicos de información e mediación para mozos/as e a súa principal característica é que son atendidos por mozos/as do propio medio no que están situados. Esta última condición ten gran importancia, xa que os estudos sobre fontes informativas dos/as mozos/as poñen de manifesto que estes/as prefiren e dan maior credibilidade á información que reciben por parte dos seus iguais.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

-Coñecer máis a fondo as inxedanzas da xuventude do noso concello, tratando de recompilar datos sobre os intereses e afeccións que moven aos/ás adolescentes, co fin de poder estruturar e programar actividades e recursos encamiñados a dar maiores e mellores respostas ás mesmas.

-Dispor de dous mediadores/as xuvenís por centro de ensino, de maneira que o alumnado que o demande poida sentirse apoiado, escoitado e entendido por alguén do seu grupo de iguais.
-Diminuír o número de posibles conflitos entre o alumnado, problemas de índole persoal e outros entre os/a mozos/as.

Obxectivos do proceso:

-Acadar a participación no programa dos 3 centros de ensino secundario que hai no concello de Ribadeo.
-Acadar cando menos 2 alumnos/as voluntarios por centro.

Obxectivos específicos:

-Acadar unha avaliación satisfactoria ao menos do 50% do alumnado na enquisa de valoración do programa Antenas que se administrará a final de curso.

-Un número de usuarios mensuais das Antenas non inferior a un 15% do número total de matriculados/as no centro.

FUNCIONS DUN RADAR

1.-Xestión dun taboleiro informativo dentro do propio centro que se deberá manter ordenado por seccións e actualizado semanalmente.

2.-Atender persoalmente un Punto Informativo durante un mínimo de dúas horas semanais.

3.-Reunirse semanalmente cos responsables de prevención de drogodependencias e información xuvenil do concello

4.-Elaboración xunto co departamento de orientación do centro, dun calendario de PRESENTACION do programa RADARES ás diferentes aulas, grupos de mozos/as, equipo de profesionais do centro, dirección, e en xeral, a todas as persoas de interese para o bó funcionamento do programa.

5.-Informar á dirección do centro de todos os aspectos relacionados con seu labor: horarios, tipo de información dispoñible, campañas especiais...

6.-Recoller as demandas dos/as mozos/as con respecto ós actos, programas, etc... que lles gustaría foran realizados polo concello.

7.-Xestión da conta de correo asignada á ANTENA INFORMATIVA.

8.-Detectar conflitos, problemas e/ou dúbidas entre os/as mozos/as do centro e poñerse en contacto cos responsables municipais ou do centro para a súa posible solución.

9.- Actuar como mediadores, previa formación, destes conflitos

10.- Asistir ás sesións de formación

11.-Redactar unha reseña mensual sobre actividades de interese que sucedan no seu centro educativo, así como recoller o número de usuarios e demandas e calquera colaboración que aporten os seus compañeiros...

12.-Entregar á dirección do IES ou persoa en quen delegue e ao titor do programa copia de todas as informacións subministradas que se refiran aos campos de interese dos alumnos (campañas educativas, subvencións, programas especiais...) así como copia da reseña mensual.

DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Seleccionarase por cada centro de ensino secundario de Ribadeo, dous radares, debendo ser un estudante de ESO e outro estudante de BACH. A selección farase entre os voluntarios mediante entrevista persoal.

O centro de ensino debe pór a disposición dos RADARES un taboleiro de información, un espazo para a atención ó público ó menos dúas horas semanais e permitir o uso de Internet ós radares para as súas funcións.

As Antenas reuniranse semanalmente cos responsables do centro e do concello a fin de recoller información para dirixir aos mozos e mozas para informar das demandas destes/as mozos/as, así como dos conflitos e ou problemas detectados e posibles vías de solución.

Os radares non teñen ningunha relación mercantil nin laboral co Concello, simplemente son beneficiarios de unha beca.

O programa ANTENAS desenvolverase durante o curso escolar.

BASES “ANTENAS XUVENÍS”

- O proxecto iniciarase no mes de outubro de 2007 e rematará co curso escolar (xuño, 2008)
- As “Antenas” recibirán unha bolsa por valor de 50 euros mensuais. Estes non terán ningunha relación mercantil nin laboral con concello, simplemente serán beneficiarios de unha **bolsa**.
- Compromisos do Concello:
 - Dotar ás Antenas do material informativo necesario
 - Asesorar tecnicamente ás Antenas e colaborar con elas
 - Dispor semanalmente da información necesaria para a actualización do taboleiro informativo.
 - Aboar a cantidade destinada ás bolsas.
 - Reunión semanal dos técnicos municipais (Información Xuvenil e Prevención de Drogodependencias e outros) coas Antenas.
- Compromisos dos IES:
 - Ceder un taboleiro informativo para uso exclusivo das Antenas, situado nun lugar visible para os alumnos.
 - Facilitar un lugar onde as Antenas poidan gardar a información e os materiais.
 - Pór a disposición das Antenas un lugar fixo, de tránsito habitual e fácil acceso, onde poidan exercer as súas funcións

-Permitir o uso de Internet ás Antenas no caso de que o centro educativo dispoña de acceso á citade rede e así como de calquera outro medio de difusión que posúa o centro.

- Requisitos que deben cumprir as Antenas
 - Poderán acceder aqueles mozos/as que se atopen matriculados/as no centro educativo
 - E obrigatorio que o equipo se forme por dous alumnos/as: un/unha de ESO e outro/a de Bacharelato.
 - O equipo debe ter un “titor” responsable no centro, ben sexa da dirección, do departamento de orientación ou do profesorado.

 - Documentación xeral que haberá que presentar
 - Solicitud de participación na convocatoria (anexo 1)
 - Fotocopia do DNI
 - Fotocopia acreditativa de que se atopan matriculados en dito centro
 - No caso de ser menor de idade, autorización escrita do pai, nai ou titor legal, adxuntando copia do DNI do mesmo (anexo 2)
 - Os candidatos deberán presentar un escrito contando as súas razóns para participar neste proxecto.

 - Prazo e lugar de presentación de solicitudes
 - Na conserxería de cada un dos centros de ensino o unhas oficinas de Información Xuvenil ou Prevención de Drogodependencias situadas no Auditorio Municipal, C/Buenos Aires, 14, Ribadeo.
 - O prazo de entrega da documentación será dende o 10 ó 31 de outubro ambos incluídos.
 - O día 5 de novembro terá lugar a entrevista ós candidatos no lugar e hora que lles será indicada por teléfono.
 - O día 7 de novembro, exporase no taboleiro informativo de cada un dos centros educativos e nas oficinas municipais anteriormente citadas os alumnos seleccionados.

 - Selección das Antenas Xuvenís.
 - Os alumnos serán elixidos por unha comisión formada por responsables do centro de ensino e responsables municipais.
 - Criterios de selección serán os seguintes:
 - Puntuación polo escrito alegando razóns de interese para colaborar no proxecto: máximo 1 punto
 - Colaborar ou formar parte de unha asociación ou ONG: 0,5 puntos
 - Estar apuntado nalgunha actividade extraescolar organizada polo propio centro: 0,5 puntos
 - Entrevista: 8 puntos.
- Os puntos 2 e 3 é necesario acreditarlos o día da entrevista.

O proceso de selección rematará cando se encontren 6 antenas (dúas para cada un dos 3 centros de ensino secundario de Ribadeo).